

Memoria 3º e 4º curso de Educación Primaria.

Curso 2022/23

Coordinador do Ciclo: Guillermo Gómez Iglesias

Titores e especialistas integrantes do Ciclo	Curso
Guillermo Gómez Iglesias (titor 4ºA)	4ºA
Sonia Corral Almeida (titora 4ºB)	4ºB
Mª José Ruán Serantes (titora de 3ºA)	3ºA
Raquel Otero Carpenente (titora de 3ºB)	3º B
Patricia Regueiro Sousa (mestra especialista en E.Física e mestra en varias materias de 3ºA)	EI e EP
Yolanda Allegre Chao (mestra especialista en Ed. Musical)	EI e EP
Juan Ramón Alonso García (mestre especialista de AL)	EI e EP

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

A programación impartida acadou para os dous cursos

aproximadamente entre o 70 e o 80% dos estándares previstos no cómputo total do presente curso.

Respecto ao grao de consecución dos estándares e obxectivos podemos considerar que acadamos un nivel satisfactorio.

Tanto en 3º coma en 4º hai un importante número de alumnado que precisa da adaptación do currículo, sexa en forma de RE pero tamén de ACI. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado foi global e continua tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo.

Alumnado con NEAE

Dende as titorías e o DO faise un seguimento deste alumnado e do que se realiza un rexistro na documentación correspondente

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

As actividades programadas foron adaptándose ás necesidades e características propias de cada aula. Igualmente participouse tanto en proxectos de cada curso, ou incluso aula, e tamén en proxectos e actividades que se realizaron a nivel de centro. Neste curso participamos no Proxecto Ríos e no proxecto de centro sobre o “50 aniversario do Cpi de Atios”.

Dende a área das ITIs participamos nas actividades propostas dende Polos Creativos. (Anexo I).

Neste curso continuouse dando especial importancia á aula virtual e á coordinación coas familias.

Con todo, e tendo en conta que as programacións tiveron que ser adaptadas segundo as necesidades, os atrancos e dificultades non impediron que as clases avanzaran.

C) Motivos das modificacións feitas ao longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

As modificacións feitas durante o curso se refiren principalmente ao modo de impartición dos contidos e a unha maior lentitude de cara á consecución de obxectivos. As modificacións realizadas refírense sobre todo aos seguintes aspectos:

- Adecuación ao ritmo da clase e ao nivel do alumnado.
- Axustes na temporalización debido a saídas, realización de actividades nos distintos proxectos tanto de nivel, de ciclo, coma do centro...
- Dificultades de aprendizaxe, reforzos educativos e ACI existentes.

As principais dificultades durante este curso foron as seguintes:

Os cambios na metodoloxía.

Manter a motivación do alumnado e das familias.

As dificultades para realizar os apoios nas aulas por parte do profesorado, principalmente pola necesidade de cubrir gardas.

A participación das familias foi boa, na maior parte dos casos, e o alumnado respondeu con interese ás propostas do profesorado.

D) Análise dos resultados da avaliación do alumnado, comparando os dous cursos.

EDUCACIÓN PRIMARIA 4º NIVEL

NÚMERO DE ALUMNADO 36

ALUMNADO REPETIDORES

ALUMNADO CON NEAE

ACI: 1	REFORZO: 9	OUTRAS: 0
--------	------------	-----------

ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS 36

ALUMNADO CON UNHA MATERIA SUSPENSA 0

ALUMNADO CON DÚAS OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS 0

ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA 0

ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS

ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS

CCNN	CCSS	Ed.Art	E.F.	L.C	L.G	Mate.	L.I	Rel. Val.	ITI
36	36	36	36	36	36	36	36	36	36

ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS

CCNN	CCSS	Ed.Art	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Mate.	L.Extranxeira	Rel. Val.	ITI
0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

EDUCACIÓN PRIMARIA 3º NIVEL

NÚMERO DE ALUMNADO 44

ALUMNADO REPETIDORES 0

ALUMNADO CON NEAE

ACI: 1	REFORZO: 9	OUTRAS: 10 reforzo na aula/ 2 enriquecemento.
--------	------------	---

ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS 43

ALUMNADO CON UNHA MATERIA SUSPENSA 1

ALUMNADO CON DÚAS OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS 0

ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA 0

ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS 0

ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS

CCNN	CCSS	Ed.Art	E.F	L.C.	L.G.	Mate.	L.I.	Rel. Val.	ITI
44	44	44	44	44	43	44	44	44	----

ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS

CCNN	CCSS	Ed.Art	Ed.Física	L.Castelá	L.Galega	Mate.	L.Extranxeira	Rel. Val.	ITI
0	0	0	0	0	1	0	0	0	-----

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

- A partir da avaliación inicial, adaptar canto antes, a programación ás necesidades educativas do alumnado.
- Potenciar as tarefas que conceden maior importancia ás competencias fronte aos contidos.
- Realizar máis tarefas de traballo cooperativo na medida do posible.

F) Avaliación da práctica docente.

A avaliación da práctica docente é moi positiva nos dous niveis, existindo unha boa coordinación entre os mestres que imparten clases no 3º e 4º cursos.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

4º Primaria.

- Mércores 23 de Novembro. Concerto na Casa da Cultura.
- Martes 28 de Marzo. Saída Praia da Frouxeira para traballar as rochas.
- Xoves 2 de Abril. Saída Museos da Coruña.

- Xogade: carreira campestre en Cedeira.
- Mércores 19 de Abril. Saída Proxecto Ríos.
- Venres 28 de Abril. Visita “Picasso” na Casa da Cultura.
- Mércores 10 de Maio. “Teatro en Inglés” na Casa da Cultura.
- Luns 15 de Maio. “Museo 50 aniversario Colexio de Atios” na Casa da Cultura.

3º Primaria.

- Visita ao Museo etnográfico da Capela.
- Visita ao Museo Galego de Historia Natural, Ferrol.
- Saída Proxecto Ríos no mes de maio.
- Excursión a Viveiro con 4º.
- Actuación de 3º A na biblioteca: representación da obra “ A nena lectora”, e visionado de varias obras de compañeiros doutros cursos.
- Obra de teatro na Casa da Cultura polas Letras Galegas.
- Teatro en inglés na Casa da Cultura.
- Visita de Paco Bañobre, charla na biblioteca e recollida de informes do Proxecto Ríos.
- Luns 15 de Maio. “Museo 50 aniversario Colexio de Atios” na Casa da Cultura.

H) Principais conclusións.

Foi un curso tranquilo, cun bo rendemento académico e cunha mellora substancial nas relacións sociais entre os alumnos, logo do fin da pandemia e os problemas de aislamiento social.

ANEXO I

Polos Creativos.

Durante o curso 2022 e 2023 dentro da materia de ITI traballamos diversos obxectivos relacionados cos Polos Creativos.

As actividades que levamos a cabo son as seguintes:

- Ordenadores co alumnado na aula: búsqueda de información na rede, procesadores de texto...
- Robótica: uso de robots co alumnado nas aulas.
- Visita ao Muncyt onde tiveron a posibilidade de realizar circuitos eléctricos que continuamos nas aulas.
- Máquinas simples: con material Lego
- Circuitos en papeis
- Colaborar coa radio escolar.

Os recursos utilizados foron:

Ordenadores, robots, legos, material funxible, pilas, cinta de cobre...

As actividades fixéronse maioritariamente na aula, no museo e no laboratorio en grupos de 4/5 alumn@s.

Avaliación: consideramos que os resultados foron satisfactorias a pesar das dificultades do tempo, xa que unha hora semanal para esta materia é insuficiente.

